

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2010

PREVISIÓN INFORMATIVA

Asunto	Celebración da Xunta Xeral do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA)
Lugar	Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago (Aula 1)
Data	mañá venres, 30 de abril
Hora	18:00 horas

O Colexio de Biólogos de Galicia celebra mañá unha Xunta Xeral á que están convocados todos os colexiados

Abordarase, entre outros asuntos, como afecta a Lei Ómnibus ao Colexio

(Vía Láctea Comunicación).- O **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-** celebra mañá venres unha Xunta Xeral Ordinaria, á que están convocados todos os colexiados. Terá lugar na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago, ás 18:00 horas.

Entre os asuntos que se abordarán destaca a creación dunha nova páxina web do organismo colexial, con máis información e posibilidades para os colexiados, que poderán realizar boa parte dos trámites vía internet. Tamén se informará da evolución das obras da nova sede do Colexio, que ten previsto inaugurarse este verán na rúa Banquete de Conxo. Na actualidade os biólogos teñen as súas instalacións en García Prieto.

Por outro lado, tratarase como afecta a Lei Ómnibus (sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio) ao Colexio de Biólogos. Tal como explica a decana, **Mercedes Casal**, entre outros aspectos, nesta nova lexislación destácase o sistema de “ventanilla única” e o requisito de reformar os Estatutos do Colexio para adaptalos á Lei.

Ademais, durante a Xunta Xeral, as distintas comisións que integran o Colexio darán conta das actividades que están a desenvolver. Trátase das comisións de: Sanidade, Procesos Industriais, Educación, Ambiental, Medio Mariño, Emprego e Formación, e Asuntos Laborais.

A xuntanza estará presidida pola Xunta de Goberno do Colexio, encabezada pola decana, **Mercedes Casal Jiménez**, profesora titular de Ecoloxía da Universidade de Santiago; o vicedecano, **José Antonio Fernández Bouzas**, director do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia; o secretario, **Emilio Rodríguez Merino**, técnico da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil; e o tesoureiro, **Fernando García Sanz**, experto en xestión ambiental; xunto cos catorce vogais que completan o equipo de goberno do COBGA.

PRENSA Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA

981 55 44 07 ... www.vialactea.es